



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Origueira. Concello: Origueira. Parroquia: San Xoán de Espasante; Santa Eulalia de Ladrado, na esquina sudoeste. Extensión: 2,43 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade con dominio areoso na que se inclúe o istmo de Espasante, de base rochosa e acompañamento areoso por ambas as dúas marxes. A cuncha de Espasante componse dun gran areal de case 1 km de lonxitude e un potente cordón dunar. Tras o citado areal, ábrese un suave e amplo val debido a fracturas en distintas direccións e unha erosión diferencial. O val bifúrcase estreitándose na dirección do río Ola (E) e mantendo a súa suavidade cara ao SO (Ladrido).

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio Olla de Sapo en Idade silúrica. O SE ocúpao unha secuencia grauvaco-filítica, que pasa cara ao O, á altura de San Xoán de Espasante, a unha banda de talcoxistos e cloritoxistos -cun dique de cuarzo por medio cara ao N. No centro desta última aflora unha banda irregular de metaqueratófidos e rochas intrusivas afíns que enlazan mediante unha fronte de cabalgamento. O Cuaternario aparece na praia de Espasante e, tras el, nos aluviós do val do río de Onda.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade adscrita ao ambiente climático Cálido e Seco. A temperatura media anual non baixa de 14°C e en puntos da franxa costeira de 15°C e a variación térmica anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A precipitación acumulada ao longo do ano non supera os 1000 mm con valores mínimos de 800 mm.

#### OS SOLOS

Arenosoles álbicos sobre os sedimentos cuaternarios que forman a praia de Espasante. A parte central do val, de escasa pendente, favorece a formación de solos profundos e fértiles do tipo fluvisol dístico. Nas ladeiras aparecen solos de distinto grao evolutivo, dende cambisoles ata umbrisoles dísticos, e mesmo acrisoles órticos de estrutura densa e arxilosa en relación co substrato xistoso.


#### AS AUGAS

Unidade constituída polo val do curso baixo do Río de Ola que actúa como principal arteria fluvial. Desauga no extremo sur da praia de Espasante, na masa de Augas Costeiras 20090.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Unidade principalmente sedimentaria na que aparecen os hábitats dunares do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. O ancho do depósito inclúe tamén o hábitat de bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140). Pero destaca, sobre todo, cara ao interior unha gran masa de frondosas, de algo máis de 10 ha que debe considerarse como mixta, no sentido de que procede da unión de masas ripícolas (91E0) de terreos encharcados próximos á costa, de zonas de recolonización en campos de cultivo abandonados e restos de antigos soutos e carballeiras (9230 e 9260). Outras zonas de recolonización aparecen na depresión que se orienta cara a Ladrido.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Nesta unidade ten unha gran presenza e importancia o conxunto formado polo porto de Espasante e o areal anexo, ao redor dos cales se desenvolveu o uso residencial adscrito ao núcleo do Porto de Espasante. Por outro lado, o val xerado polo tramo final do curso fluvial do Río Ola, presenta importantes espazos forestados de masas de carballo en combinación cun parcelario destinado á actividade agraria que se estende cara ao sur ao redor do eixe viario da estrada N-642, onde se localizan, ademais os novos crecements de edificacións. Nos relevos que enmarcan a unidade Pena Maior ao nordeste, Montes da Barreira ao sur, e Monte da Croa ao sudoeste, localízase un uso forestal ligado a labores de repoboación.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo máis importante é O Porto de Espasante, situado sobre o istmo e paralelo á fronte de praia homónima, no que se observa a evolución da trama orixinaria característica cara a un crecemento lineal apoiado nas estradas de acceso. Trátase dun conxunto desigual con tipoloxías tradicionais e contemporáneas de diferente forma, escala e densidade que dan como resultado unha baixa integración morfolóxica e paisaxística. Ao sur da unidade, ao redor da estrada N-642 sitúanse os núcleos tradicionais da Igrexa e A Aldea, e unha urbanización difusa ao longo desta vía que responde a tipoloxías recentes de vivenda unifamiliar que se estende ata o núcleo de San Xoán, no extremo sur.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O pequeno porto pesqueiro de Espasante combina embarcacións pesqueiras e tamén recreativas, sendo a orixe do núcleo principal da unidade. Tres vías converxentes no porto de Espasante, configuran o sistema de comunicacións terrestres a partir da estrada AC-862/N-642, que atravesa a unidade de sudoeste a nordeste. Estas propiciaron a fragmentación da mancha boscosa que ocupa o centro da unidade e o crecemento practicamente continuo ao redor do eixe viario. Unha rede de camiños, cun patrón espacial asociado ao parcelario agrícola, e de traza sensiblemente radial dende o núcleo urbano de Espasante, conecta as vías de acceso principal. O ferrocarril de FEVE, discorre en paralelo á N-642/ AC-862 en dirección Ortegal.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Nas proximidades do núcleo de Espasante localízase o depósito arqueolóxico de Praia Folgosa, testemuño dunha ocupación ancestral deste ámbito costeiro. Ademais neste mesmo núcleo distínguense catro fábricas de salgadeira con distinto grao de conservación (unha delas catalogada como BIC). Máis cara ao sur, na estrada que leva á Aldea atópase a Casa do Outeiro e xa no propio núcleo da Aldea, destacan os elementos patrimoniais de Casa dos Piñeiro, casa reitoral e igrexa parroquial de San Xoán.

## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística caracterízase por un sistema frontecosteiro dominado polo porto e praia de Espasante que determinou o asentamento do núcleo homónimo. Este núcleo mantivo o seu carácter tradicional en combinación cos novos usos turísticos e estacionais, focalizando, en boa medida, as sinerxías da unidade. Non obstante, hai que sinalar a cada vez máis importante presenza de novos patróns de asentamento de estrutura lineal, dispersa e sen funcións urbanas no ámbito das vías de acceso ao núcleo principal. Son, polo tanto, estes dous elementos, núcleo de Espasante e estradas de acceso, os que determinan a organización actual dun territorio que, a pesar de que aínda mantén actividades agrarias, o seu abandono parcial propiciou a recolonización desas terras coa conseguinte ampliación da masa forestal.

## DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución deste territorio céntrase en dous aspectos: O progresivo abandono das terras de cultivo do val e a súa recolonización por masas forestais que non foi óbice para a fragmentación e perda de conectividade ecolóxica da masa de bosque mixto que preside a unidade, producida pola traza das estradas que acceden á vila de Espasante. Por outra banda, o crecemento urbanístico polarizado, por un lado, no núcleo urbano de Espasante e por outro, nos bordos das vías de acceso sen apoio nas estruturas urbanas dos núcleos existentes.


## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Destaca o sistema unitario que ocupa a fronte marítima da Enseada de Espasante, co sistema praia-duna da Concha/Espasante no cal desemboca o principal curso fluvial da unidade constituído polo Río de Ola. Asociado a este curso, desenvólvese unha importante masa boscosa mixta que combina vexetación de ribeira, masas de recolonización e bosques autóctonos de carballo. A esta destacada variedade forestal do fondo de val, engádense as amplas masas forestais que se localizan sobre os relevos que constitúen o fondo escénico da unidade. Xunto a estes importantes valores ambientais, hai que destacar a presenza característica do núcleo do Porto de Espasante, considerado como Núcleo de Identidade do Litoral, tanto pola súa trama urbana primixenia como polo patrimonio cultural que alberga, intimamente ligado coa actividade portuaria e pesqueira. O Monte da Croa, no extremo sudoeste da unidade, é considerado como Espazo de Interese Paisaxístico xa que dende a súa culminación é posible a contemplación desta unidade e boa parte da Ría de Ortigueira, localizada máis cara ao oeste.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



